



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social

**CONVOCATORIA:** Convocatoria local

**GRUPO:** Cursos Local

**ÁREA:** Réxime xurídico e xestión das entidades locais

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	APROVEITAMENTO	<b>PLAN:</b>	F. FINALISTAS	<b>HORAS:</b>	20
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	LOCAL	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2019
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	TELEFORMACIÓN	<b>TIPOLOXÍA:</b>	XERAL	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 26/03/2019 - 08:00h ao 08/04/2019 - 23:55h

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

A acción formativa centrarase en explicar e describir polo miúdo a máis recente iniciativa normativa en materia de discapacidade de ámbito estatal: O Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade da súa inclusión social.

Este texto establece que a discapacidade debe estar contemplada en todas as actuacións políticas e por todas as administracións, o que xustifica a importancia que ten o seu estudo e coñecemento para o persoal ao servizo da Administración pública.

O obxectivo xeral é formar a profesionais na defensa, recoñecemento e protección dos dereitos das persoas con discapacidade dende un enfoque social, xurídico e de dereitos humanos.

### DESTINATARIOS

Persoal ao servizo das entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

### PROGRAMA

Módulo 1. Marco contextual e conceptual da Lei.

Módulo 2. Dereitos e obrigas.

Módulo 3. Igualdade de oportunidades e non discriminación. Infraccións e sancións.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

### 3. DATOS EDICIÓNS

#### T01

**LOCALIDADE:** TELEFORMACIÓN

**INICIO / FIN:** 30/04/2019 a 20/05/2019

**NUM. PRAZAS:** 50

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:** 23/05/2019 ás 17:30h

#### DOCENTES NOMEADOS

RETNOVA Proxectia Consulting

#### LUGAR DE REALIZACIÓN

**AULA 3 (Informática):** O día 23 de maio de 17:30 a 18:29. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

**AULA 4 (Informática):** O día 23 de maio de 17:30 a 18:29. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

A CORUÑA: Soto do Edificio Administrativo de Servizos Múltiples, Praza Luis Seoane s/n.

FERROL: 1ª planta, Oficina Coordinadora da Delegación de Presidencia e Administración Pública, Praza Camilo José Cela, s/n

LUGO: Baixo, 2º, Edificio Administrativo de Servizos Múltiples, Ronda da Muralla, 70.

OURENSE: 7ª andar, Delegación da Presidencia e Administración Pública. Avda. Habana, 79.

PONTEVEDRA: Baixo, Delegación da Presidencia e Administración Pública. Avda. María Victoria Moreno, 43.

VIGO: 8º andar, Edificio Administrativo, Praza da Estrela, 9A.